

INFORME SOBRE CONTRATACIÓNS

***PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO
DE DEZA-TABEIRÓS***

**ASOCIACIÓN IMPULSORA DO
PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO
DE DEZA-TABEIRÓS**




ÍNDICE

1. ANÁLISE DAS CONTRATACIÓNS	
1.1. EVOLUCIÓN POR SECTOR DE ACTIVIDADE	
1.2. EVOLUCIÓN POR MODALIDADE CONTRACTUAL.....	
1.3. EVOLUCIÓN POR SEXO	
1.4. EVOLUCIÓN POR TRAMOS DE IDADE	

1. ANÁLISE DAS CONTRATACIÓNS


A análise das novas contratacións realizarase a partir dos datos do Instituto Galego das Cualificacións para a serie temporal 2001-2009 na CC.AA. de Galicia, na Provincia de Pontevedra e no territorio do Pacto Territorial de Deza–Tabeirós. A análise comprenderá a evolución das contratacións totais, e a evolución e peso porcentual por sexo, por tramos de idade, por sector de actividade e por modalidade contractual.

Según o Instituto Galego das Cualificacións, as novas contratacións no territorio do Pacto evolucionan a unha taxa anual media do 2,94% durante o período 2001-2007, ata situarse en 11.629. Esta taxa é similar a da provincia de Pontevedra [2,95%], e inferior a da CC.AA. de Galicia [3,47%]. Durante o período 2007-2009, as novas contratacións diminúen a unha taxa do 13,24%, ata situarse en 8.754, por encima do 11,68% da provincia e do 11,11% da CC.AA.



Fonte: Elaboración Propia. Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.

No ano 2001, as novas contratacións no territorio do Pacto de Deza-Tabeirós representan o 20% da poboación potencialmente activa, moi afastado do 45,43% da provincia de Pontevedra e do 38,22% da CC.AA. de Galicia. Esta porcentaxe diminúe ata o 18,66% no ano 2009, aínda lonxe do 40,81% da provincia e do 36,59% da CC.AA.



Fonte: Elaboración Propia. Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.


1.1. EVOLUCIÓN POR SECTOR DE ACTIVIDADE

As novas contratacións no sector Agrario e Pesca [AGR] no territorio do Pacto incrementáanse a unha taxa anual media do 1,22% no período 2007-2009, mentras que na provincia diminúen a unha taxa do 3,43% e na CC.AA. do 0,08%. Durante o período 2001-2007 evolucionan a unha taxa do 3,13%, mentras que na provincia diminúen a unha taxa do 0,15% e na CC.AA. incrementáanse a unha taxa do 1,85%.

No sector de Industria e Enerxía [IND] diminúen a unha taxa do 28,53%, por encima do 16,91% da provincia e do 18,00% da CC.AA. Durante o período 2001-2007 diminúen a unha taxa do 1,79%, por un 1,66% na provincia e un 2,62% na CC.AA.

No sector da Construción [CON] diminúen a unha taxa do 20,34%, por un 18,02% da provincia e un 17,79% da CC.AA. Durante o período 2001-2007 diminúen a unha taxa do 1,72%, mentras que na provincia e na CC.AA. se incrementan a unha taxa do 2,14%.

No sector Servizos [SER] diminúen a unha taxa do 7,08%, un pouco por debaixo do 10,30% da provincia e do 9,56% da CC.AA. Durante o período 2001-2007 evolucionan a unha taxa do 7,72%, por un 4,13% na provincia e un 4,89% na CC.AA.




Fonte: Elaboración Propia. Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.

O peso porcentual das novas contratacións no Sector Agrario e Pesca incrementáanse do 3,12% no ano 2001 ao 4,30% no ano 2009, mentras que na provincia diminúen do 3,17% ao 3,15%, e na CC.AA. incrementáanse do 2,71% ao 3,12%.

No Sector de Industria e Enerxía diminúen do 22,75% ao 11,64%, mentras que na provincia diminúen do 16,31% ao 10,97% e na CC.AA. do 15,35% ao 9,08%.

No Sector da Construcción diminúen do 31,83% ao 20,33%, mentras que na provincia diminúen do 10,95% ao 9,00% e na CC.AA. do 12,71% ao 10,06%.

No Sector Servizos increméntanse do 42,30% ao 63,73%, na provincia do 69,58% ao 76,88% e na CC.AA. do 69,23% ao 77,75%.




Fonte: Elaboración Propia. Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.

1.2. EVOLUCIÓN POR MODALIDADE CONTRACTUAL

As novas contratacións Indefinidas [IND] no territorio do Pacto diminúen a unha taxa do 18,62% no período 2007-2009, na liña do 18,61% da provincia e do 17,59% da CC.AA. Durante o período 2001-2007 evolucionan a unha taxa do 6,59%, por un 8,20% na provincia e un 8,56% na CC.AA.

As novas contratacións Temporais [TEM] diminúen a unha taxa do 11,36%, por un 11,28% da provincia e un 10,17% da CC.AA.. Durante o período 2001-2007 evolucionan a unha taxa do 2,80%, por un 2,92% na provincia e un 3,63% na CC.AA.




Fonte: Elaboración Propia. Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.

As novas contratacións a Tempo Completo [COM] diminúen a unha taxa do 15,97%, por un 14,67% na provincia e un 13,14% na CC.A. Durante o período 2001-2007 evolucionan a unha taxa do 11,82%, por un 10,62% na provincia e un 13,13% na CC.AA.

As novas contratacións a Tempo Parcial [PAR] diminúen a unha taxa do 0,50%, por un 4,04% na provincia e un 4,80% na CC.A. Durante o período 2001-2007 diminúen a unha taxa do 10,83%, por un 8,51% na provincia e un 8,77% na CC.AA.


Os novos contratos en Prácticas e para a Formación [PRA/FOR] diminúen no período 2007-2009 a unha taxa do 24,82%, por un 32,34% da provincia e un 28,89% da CC.AA. Durante o período 2001-2007 evolucionan a unha taxa do 0,43%, por un 0,69% na provincia e un 1,44% na CC.AA.



Fonte: Elaboración Propia. Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.

O peso porcentual das novas contratacións Indefinidas incrementábase do 12,14% no ano 2001 ao 13,17% no ano 2009, mentras que na provincia incrementábase do 7,86% ao 9,00%, e na CC.AA. do 8,56% ao 9,81%.

O peso porcentual das novas contratacións Temporais incrementábase do 76,82% no ano 2001 ao 79,55% no ano 2009, mentras que na provincia incrementábase do 85,94% ao 86,55%, e na CC.AA. do 83,20% ao 85,73%.




Fonte: Elaboración Propia. Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.

O peso porcentual das novas contratacións a Tempo Completo incrementábase do 43,89% do ano 2001 ao 79,55% do ano 2009, mentras que na provincia incrementábase do 47,94% ao 68,87%, e na CC.AA. do 42,19% ao 68,82%.

O peso porcentual das novas contratacións a Tempo Parcial diminúe do 45,07% do ano 2001 ao 25,05% do ano 2009, mentras que na provincia diminúe do 45,85% ao 26,68%, e na CC.AA. do 49,57% ao 26,72%.

O peso porcentual dos contratos en Prácticas e para a Formación diminúe do 5,50% do ano 2001 ao 3,56% do ano 2009, mentras que na provincia diminúe do 2,28% ao 1,17%, e na CC.AA. do 2,60% ao 1,48%.




Fonte: Elaboración Propia. Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.

1.3. EVOLUCIÓN POR SEXO

As novas contratacións de Homes [*HOM*] diminúen no período 2007-2009 a unha taxa anual media do 16,57%, por un 12,86% da provincia e un 12,38% da CC.AA.. Durante o período 2001-2007 evolucionan a unha taxa do 0,49%, por un 1,07% da provincia e un 1,74% da CC.AA.


As novas contratacións de Mulleres [*MUL*] diminúen a unha taxa do 8,19%, por un 10,31% da provincia e un 9,72% da CC.AA. Durante o período 2001-2007 evolucionan a unha taxa do 7,91%, por encima do 5,51% da provincia e do 5,68% da CC.AA.



Fonte: Elaboración Propia. Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.

O peso porcentual das novas contratacións de Homes diminúe do 70,89% no ano 2001 ao 56,73% no ano 2009, mentras que na provincia de Pontevedra pasa do 60,36% ao 52,61%, e na CC.AA. do 58,39% ao 51,27%.

O peso porcentual das novas contratacións de Mulleres incrementábase do 29,11% no ano 2001 ao 43,27% no ano 2009, mentras que na provincia pasa do 39,64% ao 47,39% e na CC.AA. do 41,61% ao 48,73%.




Fonte: Elaboración Propia. Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.

1.4. EVOLUCIÓN POR TRAMOS DE IDADE

As novas contratacións no tramo de Menos de 30 Anos [-30] diminúen no período 2007-2009 a unha taxa anual do 16,98%, por un 17,92% da provincia e un 16,90% da CC.AA. Durante o período 2001-2007 evolucionan a unha taxa do 1,86%, por un 0,97% da provincia e un 1,55% da CC.AA.

As novas contratacións no tramo de entre 30 e 45 Anos [-45] diminúen no período 2007-2009 a unha taxa anual do 11,29%, por un 7,51% da provincia e un 6,95% da CC.AA. Durante o período 2001-2007 evolucionan a unha taxa do 4,63%, por un 4,61% da provincia e un 5,07% da CC.AA.




Fonte: Elaboración Propia. Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.

As novas contratacións no tramo de entre 45 e 60 Anos [-60] diminúen no período 2007-2009 a unha taxa anual do 6,97%, por un 2,45% da provincia e un 3,47% da CC.AA. Durante o período 2001-2007 evolucionan a unha taxa do 2,92%, por un 6,03% da provincia e un 6,68% da CC.AA.

As novas contratacións no tramo de Mais de 60 Anos [+60] diminúen no período 2007-2009 a unha taxa anual do 9,77%, por un 4,45% da provincia e un 3,23% da CC.AA. Durante o período 2001-2007 diminúen a unha taxa do 1,33%, mentras que na provincia incrementáanse a unha taxa media do 13,10%, e na CC.AA. do 9,19%.

O peso porcentual das novas contratacións no tramo de Menos de 30 Anos diminúen do 50,16% do ano 2001 ao 43,13% do ano 2009, mentras que na provincia pasa do 54,73% ao 42,07%, e na CC.AA. do 54,54% ao 42,61%.

No tramo de entre 30 e 45 Anos incrementábase do 33,72% no ano 2001 ao 38,88% no ano 2009, mentras que na provincia pasa do 33,76% ao 40,76,77%, e na CC.AA. do 33,45% ao 40,19%.



Fonte: Elaboración Propia. Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.

No tramo de entre 45 e 60 Anos incrementábase do 14,39% no ano 2001 ao 16,53% no ano 2009, mentras que na provincia pasa do 10,80% ao 15,73%, e na CC.AA. do 11,09% ao 15,71%.

No tramo de Mais de 60 Anos diminúe do 1,73% no ano 2001 ao 1,45% do ano 2009, mentras que na provincia incrementábase do 0,70% ao 1,44%, e na CC.AA. do 0,91% ao 1,49%.